



## FORMULARIO DE IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS XUDICIAIS

### 1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

#### 1.1. Serie

Denominación autorizada	Código
-------------------------	--------

Expedientes de recursos de apelación contra autos penais ante a audiencia provincial. 0003

#### Outras denominacións

Apelacións autos.

Pode conter efectos xudiciais?	Si <input type="checkbox"/>	Non <input checked="" type="checkbox"/>
--------------------------------	-----------------------------	---

#### 1.2. Produtor(es) e datas de produción da fracción de serie

Produtor(es)	Data inicial	Data final
--------------	--------------	------------

Audiencia provincial

1892



## 2. ÁREA DE ANÁLISE: CONTEXTUAL, FUNCIONAL, SECUENCIAL E DE ORGANIZACIÓN DOCUMENTAL

### 2.1. Función/Actividade

#### Descrición

Procedemento tramitado para resolver as reclamacións presentadas ante a Audiencia Provincial contra autos ditados polos xulgados de instrución, xulgados do penal, xulgados de vixilancia penitenciaria e xulgados de violencia sobre a muller. O tribunal ao que se apela pode modificar, confirmar ou revogar o dito auto.

O auto xudicial ou sentenza interlocutoria é unha resolución xudicial pola cal un xulgado ou tribunal se pronuncia, resolvéndoas, acerca das peticións das partes referentes ás incidencias que poden xurdir ao longo dun proceso xudicial sobre as diversas cuestións que afectan ao asunto principal do litixio.

Tamén se ditan autos cando o xuíz instructor determina que non se cometeu infracción penal, mandando neste caso archivar as actuacións.

Se existe infracción pero non se puido descubrir o autor do delito, procederase ao sobresemento provisional.

#### Historia

As audiencias provinciais en España teñen a súa orixe na revolución de 1868 e na Constitución dese mesmo ano. A Lei orgánica do poder xudicial de 1870 establecía a creación dun tribunal colexiado, formado por tres maxistrados, en cada partido xudicial, con competencia exclusivamente penal. A falta de orzamentos fixo imposible a súa creación, e non será ata a Lei adicional de axuizamento criminal de 1882 cando se crean as audiencias do criminal, que principian a súa actividade o 1 de xaneiro de 1883 e que se erixen no antecedente máis inmediato das actuais audiencias provinciais. Deste xeito, constituíronse 95 audiencias do criminal, pero debido a problemas financeiros, na Lei de orzamentos do Estado para 1892-1893 ordénase a supresión de 46 audiencias, é dicir, de todas aquelas non situadas nas capitais de provincia, aparecendo así as audiencias provinciais.

Ata 1968 as audiencias tiñan competencia unicamente penal. A Lei 10/1968, do 20 de xuño, atribuíulles competencia civil para coñecer dos recursos de apelación contra algunhas resolucións dos xulgados de primeira instancia e mais contra a maioría das dos xulgados municipais e comarcais, así como das cuestións de competencia e acumulación de autos entre órganos civís da provincia.

As audiencias provinciais regúlanse hoxe en día nos artigos 80 a 83 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), así como na Lei de demarcación e de planta xudicial. Dende o punto de vista territorial, a súa demarcación esténdese



á provincia e a súa sede radica na capital desta, da que tomará o seu nome (art. 80.1 da LOPX e artigo 3.1 da Lei 38/1988, de demarcación e de planta xudicial).

A Lei orgánica do poder xudicial de 1985 define as competencias das audiencias provinciais, tanto na orde civil coma na penal. O artigo 82.1 define as competencias no ámbito da apelación penal, establecendo que estas coñecerán dos recursos contra as resolucións ditadas en primeira instancia polos xulgados de instrución e do penal da provincia, contra as resolucións en materia penal ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller, contra as resolucións dos xulgados de vixilancia penitenciaria e contra as dos xulgados de menores. Ata a constitución dos xulgados do penal, no ano 1989, a competencia en materia penal tñana os xuíces de primeira instancia. A Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, no seu anexo XI establece a creación dos xulgados de menores, para o coñecemento dos delitos cometidos polas persoas maiores de 14 anos e menores de 18. No ano 2004 créanse os xulgados de violencia sobre a muller (Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro), para a instrución en causas de violencia de xénero.

Coa Lei de demarcación e de planta xudicial fíxanse as funcións e límites dos novos tribunais superiores e amplíanse e refórzanse as audiencias provinciais, confirmándose como chanzo intermedio da xustiza ordinaria entre a primeira instancia e os tribunais superiores de xustiza, de nova creación e con xurisdición no ámbito territorial da comunidade autónoma.

Pódense crear seccións da audiencia fóra da capital da provincia, ás cales quedarán territorialmente adscritos un ou máis partidos xudiciais. Esta posibilidade non foi recollida na redacción orixinaria da Lei de demarcación e de planta xudicial, senón na Lei 2/1999, de modificación da anterior, pola que se crean seccións en Alxeciras, Xerez de la Frontera, Xixón, Elxe, Mérida, Santiago de Compostela, Vigo e Cartaxena, dependentes respectivamente das audiencias provinciais de Cádiz, Oviedo, Alacant, Badaxoz, A Coruña, Pontevedra e Murcia.



## 2.2. Marco legal e normativo

### Título

Real decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de axuízamento criminal (*Gaceta de Madrid* núm. 260, do 17 de setembro).

Real decreto reorganizando os tribunais e xulgados de acordo cos novos modelos, suprimindo a Audiencia do Criminal, denominando as demais desta clase audiencias provinciais, e máis que se expresan (*Gaceta de Madrid* núm. 202, do 20 de xullo de 1892, páxinas 277 a 278).

Decreto 3096/1973, do 14 de setembro, polo que se publica o Código penal, texto refundido conforme a Lei 44/1971, do 15 de novembro (BOE núm. 297, do 12 de decembro).

Decreto lei 8/1974, do 21 de decembro, polo que se modifica o artigo 14, apartado terceiro, da Lei de axuízamento criminal, para poñelo en relación coa elevación de multas efectuada no Código penal pola Lei 39/1974, do 28 de novembro (BOE núm. 306, do 23 de decembro).

Lei 39/1974, do 28 de novembro, sobre modificación de determinados artigos do Código penal (BOE núm. 287, do 30 de novembro).

Lei 20/1978, de 8 de maio, sobre modificación de determinados artigos do Código penal e da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 110, do 9 de maio).

Lei 28/1978, do 26 de maio, sobre modificación dos artigos 748 e 850 da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 128, do 30 de maio).

Lei 33/1978, do 17 de xullo, pola que se dá nova redacción aos artigos 273 da Lei de axuízamento Civil e 166 da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 172, do 20 de xullo).

Lei 53/1978, do 4 de decembro, pola que se modifican os artigos 23, 37, 53, 118, 302, 311, 333, 520 e 522 da Lei de axuízamento criminal e se derroga o artigo 316 da mesma (BOE núm. 293, do 8 de decembro).

Lei 16/1980, do 22 de abril, sobre modificación dos artigos 503, 504 e 505 da Lei de axuízamento criminal en materia de prisión provisional (BOE núm. 101, do 26 de abril).

Lei orgánica 4/1980, do 21 de maio, de reforma do Código penal en materia de delitos relativos ás liberdades de expresión, reunión e asociación (BOE núm. 142, do 13 de xuño).

Lei orgánica 10/1980, do 11 de novembro, de axuízamento oral de delitos dolosos,



---

menos graves e flagrantes (BOE núm. 280, do 21 de novembro).

Lei orgánica 7/1983, do 23 de abril, de reforma dos artigos 503 e 504 da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 99, do 26 de abril).

Lei orgánica 8/1983, do 25 de xuño, de reforma urxente e parcial do Código penal (BOE núm. 152, do 27 de xuño).

Lei orgánica 14/1983, do 12 de decembro, pola que se desenvolve o artigo 17.3 da Constitución, en materia de asistencia letrada ao detido e ao preso, e modificación dos artigos 520 e 527 da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 310, do 28 de decembro).

Lei 4/1984, do 9 de marzo, pola que se modifica o artigo 338 da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 62, do 13 de marzo).

Lei orgánica 10/1984, do 26 de decembro, pola que se modifican os artigos 503, 504 e primeiro parágrafo do 529 da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 3, do 3 de xaneiro).

Lei orgánica 6/1987, do 11 de novembro, pola que se modifica a sección III do capítulo 4º, título XIII, do libro II do Código penal (BOE núm. 275, do 17 de novembro).

Lei orgánica 7/1987, do 11 de decembro, pola que se reforma parcialmente o Código penal en relación co delito de incendio (BOE núm. 297, do 12 de decembro).

Lei orgánica 1/1988, do 24 de marzo, de reforma do Código penal en materia de tráfico ilegal de drogas (BOE núm. 74, do 26 de marzo).

Lei orgánica 3/1988, do 25 de maio, de reforma do Código penal (BOE núm. 126, do 26 de maio).

Lei orgánica 4/1988, do 25 de maio, de reforma da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 126, do 26 de maio).

Lei orgánica 5/1988, do 9 de xuño, sobre modificación dos artigos 431 e 432 e derogación dos artigos 239, 566.5º, 567.1º e 3º e 577.1º do Código penal (BOE núm. 140, do 11 de xuño).

Lei orgánica 7/1988, do 28 de decembro, dos xulgados do penal, e pola que se modifican diversos preceptos das leis orgánicas do poder xudicial e de axuizamento criminal (BOE núm. 313, do 30 de decembro).

Lei orgánica 3/1989, do 21 de xuño, de actualización do Código penal (BOE núm. 148, do 22 de xuño).



---

Lei orgánica 9/1991, do 22 de marzo, pola que se modifican os artigos 367, 368 e 390 do Código penal e se introduce nel un novo capítulo acerca do tráfico de influencias (BOE núm. 74, do 27 de marzo).

Lei orgánica 8/1992, do 23 de decembro, de modificación do Código penal e da Lei de axuízamento criminal en materia de tráfico de drogas (BOE núm. 308, do 24 de decembro).

Lei orgánica 17/1994, do 23 de decembro, sobre modificación de diversos artigos do Código penal, co fin de tipificar a condución dun ciclomotor baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicótropas, ou con temeridade ou imprudencia (BOE núm. 307, do 24 de decembro).

Lei orgánica 18/1994, do 23 de decembro, pola que se modifica o Código penal no referente ao segredo das comunicacións (BOE núm. 307, do 24 de decembro).

Lei orgánica 4/1995, do 11 de maio, de modificación do Código penal, mediante a que se tipifica a apoloxía dos delitos de xenocidio (BOE núm. 113, do 12 de maio).

Lei orgánica 6/1995, do 29 de xuño, pola que se modifican determinados preceptos do Código penal relativos aos delitos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social (BOE núm. 155, do 30 de xuño).

Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (BOE núm. 281, do 24 de novembro).

Lei orgánica 2/1998, do 15 de xuño, pola que se modifican o Código penal e a Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 143, do 16 de xuño).

Lei orgánica 7/1998, do 5 de outubro, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, pola que se suprimen as penas de prisión e multa para os supostos de non cumprimento do servizo militar obrigatorio e prestación social substitutoria e se rebaixan as penas de inhabilitación para os ditos supostos (BOE núm. 239, do 6 de outubro).

Lei orgánica 5/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei de axuízamento criminal en materia de perfeccionamento da acción investigadora relacionada co tráfico ilegal de drogas e outras actividades ilícitas graves (BOE núm. 12, do 14 de xaneiro).

Lei orgánica 11/1999, do 30 de abril, de modificación do título VIII do libro II do Código penal, aprobado por Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro (BOE núm. 104, do 1 de maio).

Lei orgánica 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 138, do 10 de xuño).



### 2.3. Tramitación/Materia do test de compatibilidade

Código tipo tramitación	Nome do tipo de tramitación/procedemento
-------------------------	--

APE                      Recurso de apelación.

Código materia	Materia
----------------	---------

### 2.4. Esquema de tramitación

O recurso de apelación preséntase cos motivos, documentos e peticións formulados ante o xuíz que ditou o auto.

Admitido o recurso, darase traslado ás demais partes constituídas para que formulen as alegacións que crean pertinentes.

O recurso de apelación poderá ser admitido como devolutivo ou suspensivo. Se é admitido en ambos os efectos, mandarase os autos orixinais ao tribunal que coñece da apelación, e este emprazará as partes para que comparezan na audiencia.

Unha vez finalizado o prazo, remitirase o testemuño ou os autos orixinais, segundo proceda, á audiencia. A sala, ao recibir o testemuño, formará o expediente, onde irá agregando todos os documentos relativos ao mesmo asunto e anexará copia dos autos.

Se a apelación é na instrución dun sumario, daráselle emprazamento ao apelante, e se este non comparece, declararase deserto o recurso.

Se o apelante comparece en prazo, daráselle vista dos autos para a súa instrución. Despois daráselles vista ás demais partes constituídas e ao fiscal.

Se o maxistrado relator o considera necesario, celebrarase a vista, e se non, ditará resolución.

O auto, coa resolución, deberá ser comunicado ao xuíz instructor. Os autos que resolvan incidentes notificaranse unicamente aos procuradores. Unha vez finalizado o procedemento devolverase o expediente orixinal ao xulgado que ditou o auto recorrido.



## 2.5. Documentos básicos que compoñen o expediente

Documentos	Tradición documental	Soporte físico	Circuíto documental
<b>FASE</b>			
Escritos de interposición do recurso, acompañado coa copia do auto impugnado e poder do procurador	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia do Secretario Xudicial na que fai constar que recibiu o testemuño do auto	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Providencia do presidente da sección pola que se manda abrir o expediente	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Providencia dos maxistrados para dar vista das actuacións ao procurador da parte apelante e ao Ministerio Fiscal	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Informe do fiscal	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Providencia dos maxistrados na que se fixa a vista	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Notificación ao procurador e ao fiscal	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia de se se debe celebrar a vista	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Testemuño ou certificación do	Orixinal	Papel	





auto de resolución do recurso			
<b>FASE</b>			
Notificación da resolución ás partes e ao fiscal	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia do Secretario Xudicial na que se fai constar que remite o testemuño da resolución e os autos orixinais ao xulgado instructor	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia do Secretario Xudicial na que fai constar o arquivamento das actuacións	Orixinal	Papel	

**2.6. Relación con outra documentación**

<b>Denominación autorizada</b>	<b>Produtor</b>	<b>Tipo de relación<sup>1</sup></b>	<a href="#"><u>Código ficha</u></a>
Dilixencias previas		Serie relacionada	
Executorias penais	- Xulgados do penal	Serie relacionada	
Informes da fiscalía	- Fiscalía	Serie relacionada	
Informes policiais	- Comisarías de policía	Serie relacionada	
Informes médico-forenses	- Imelga	Serie relacionada	
Expedientes de recursos de queixa	- Audiencia provincial	Serie relacionada	
Procedementos abreviados dos xulgados penais	- Xulgados do penal	Serie relacionada	
Libros de recursos de apelación contra autos	- Audiencia provincial	Serie recapitulativa	
Libros de autos	- Xulgados de instrución - Xulgados do penal - Xulgados de vixilancia penitenciaria	Serie relacionada	
Rexistros de recursos de apelación contra autos	- Audiencia provincial	Serie recapitulativa	

**2.7. Ordenación da serie:**

<b>Cronolóxico-numérica (registro)</b>	<b>X</b>
<b>Numérica</b>	
<b>Cronolóxica</b>	
<b>Alfabética por onomástica</b>	
<b>Alfabética por materias</b>	
<b>Alfabética por xeografía</b>	

---

<sup>1</sup> Series antecedentes / Series sucesoras / Series recapitulativas / Series complementarias.



### 3. ÁREA DE VALORACIÓN DOCUMENTAL

#### 3.1. Valores primarios

	<b>Prazo</b>	<b>Xustificación/Lexislación</b>
<b>Administrativo/ Xestión/ Xudicial</b>	1 ano	O valor administrativo dos recursos cando é contra un trámite está ligado á resolución do procedemento do que forma parte, pero se é contra o sobresemento, prescrición ou caducidade depende dos prazos establecidos para cada caso.
<b>Legal ou xurídico</b>	Non ten	Está na resolución do procedemento principal. Se é por sobresemento ou prescrición, é o propio auto o que finaliza o procedemento e o seu valor legal está ligado aos prazos establecidos en cada forma de terminación.
<b>Fiscal</b>	Non ten	

#### 3.2. Valores secundarios

	<b>Escaso</b>	<b>Substancial</b>	<b>Xustificación/Lexislación</b>
<b>Informativo</b>	<b>X</b>		É reducido, xa que, por unha banda, trátase de recursos parciais que non dirimen o asunto principal, e, por outra, a información que fornecen sobre persoas, acontecementos ou materias é limitada.
<b>Histórico</b>	<b>X</b>		

#### 3.3. Series vitais/esenciais

Serie esencial

Xustificación



## 4. ÁREA DE ACCESO

### 4.1. Condicións xerais de acceso a serie documental

<b>Libre</b>	
<b>Libre con restricións</b>	
<b>Restringido</b>	<b>X</b>

#### Prazos de acceso e derogación de reserva

25 anos dende a súa morte ou 50 dende a data do documento.

#### Recursos fronte a resolucións denegatorias de acceso

### 4.2. Marco legal do réxime de acceso

#### A) Xeral

<b>Título</b>	<b><a href="#">Artigos</a></b>
Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal	10 e 11
Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español	57
Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia	23

#### B) Específico

<b>Título</b>	<b><a href="#">Artigos</a></b>
Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial	234 e 235
Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais	7 e 12
Acordo do 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais	2 ao 7
Real decreto 1608/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais	5 e 11



#### 4.3. Contidos susceptibles de protección

Contidos afectados		Referencia normativa
Datos cuxa divulgación pode afectar a intereses públicos (PU)		
Datos cuxa divulgación pode afectar a intereses privados (PR)		
Datos de carácter persoal (DP)		

#### 4.4. Medidas para favorecer o acceso a expedientes de acceso restrinxido

Enmascaramento de datos	X
Despersonalización ou anonimización	X
Exclusión de documentos para acceso parcial	



## 5. ÁREA DE SELECCIÓN

### 5.1. Proposta de selección

Conservación	
--------------	--

Eliminación	X
-------------	---

Total	
Parcial	

Total	X
Parcial	

#### Xustificación da(s) proposta(s)

Unha vez analizada a serie, considérase procedente a súa ELIMINACIÓN TOTAL, polo seu escaso valor informativo-histórico. Os recursos contra autos afectan a procedementos constitutivos de distintas series documentais, e os documentos que se atopan nos autos están recopiados nos libros de rexistro e nos libros de autos.

#### Conservación parcial: tipos de documentos a conservar ou eliminar:

Descrición	Conservar (C) ou Eliminar (E)

#### Eliminación total: tipo(s) de mostraxe propostos (se é o caso)

#### Lugar e prazos de eliminación (se é o caso)

Tipo de arquivo	Prazo
Arquivo territorial	15 anos dende a data de resolución de arquivamento definitivo.

### 5.2. Eliminación de exemplares duplicados

Descrición	Prazo

### 5.3. Metadatos residuais a conservar en caso de eliminación

Elemento	Código

**5.4. Prazos de transferencias**

	<b>Prazos</b>	<b>Xustificación</b>
<b>Arquivo de xestión</b>		
<b>Arquivo territorial</b>	<b>Ao ano</b> de firmeza da sentenza.	
<b>Arquivo histórico</b>	<b>Finalizada a expurgación</b>	

**6. OBSERVACIÓNS****7. ÁREA DE CONTROL**

<b>Código da ficha</b>	<b>0003</b>
<b>Responsables do estudo de identificación e valoración</b>	Dolores Lestón Suárez María José Liñares Noya Antonio López Bodaño Alba Pérez Fernández Olga Castañeda Rodríguez Rodrigo Silva Poceiro
<b>Arquivo(s) onde se levou a cabo o traballo de campo</b>	Arquivos territoriais xudiciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
<b>Datas extremas do período estudado</b>	1968/1999
<b>Data de realización</b>	05/05/2015

**Control de versións**

<b>Versión</b>	<b>Data</b>	<b>Descrición do cambio</b>
01	05/05/2015	Versión inicial
02	10/03/2016	Segunda versión